



Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade **2020**

XUNTA DE GALICIA

Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2020

Permiten gozar, durante 10 días, dunha estadía socializadora e de convivencia, nun espazo lúdico, humano, integrador, formativo e seguro; mediante o desenvolvemento de actividades dirixidas ao fomento de habilidades sociais, ao contacto coa natureza e o mar, ao coñecemento da propia cultura e á educación para a saúde.

Ofértanse 132 prazas no Albergue Xuvenil Gandario de Bergondo (A Coruña), na Residencia de Tempo Libre de Panxón. Nigrán (Pontevedra) e na Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense).

Pessoas destinatarias:

As que teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade, unha idade comprendida entre os 11 e os 45 anos e presenten calquera tipo de limitación e / ou necesidade especial.

Destinos, actividade, idades, datas, prazas e prezo:

Convócanse 132 prazas con un prezo de **125 euros** nas seguintes quendas:

| Destinos | Datas | Destino | Actividade |
|-----------------|----------------------------------|--------------|-------------------------|
| De 11 a 14 anos | Do 7 ao 16 de agosto | O Carballiño | "Aventura na natureza" |
| | Do 22 ao 31 de agosto | | |
| De 15 a 18 anos | Do 7 ao 16 de agosto | O Carballiño | "Aventura na natureza" |
| | Do 6 ao 15 de setembro | Panxón | "Natureza xunto ao mar" |
| De 19 a 25 anos | Do 25 de xullo ao 3 de agosto | Panxón | "Natureza xunto ao mar" |
| | Do 25 de xullo ao 3 de agosto | | |
| | Do 25 de agosto ao 3 de setembro | | |
| De 26 a 45 anos | Do 25 de agosto ao 3 de setembro | Panxón | "Natureza xunto ao mar" |
| | Do 5 o 14 de setembro | O Carballiño | "Aventura na natureza" |
| | Do 6 ao 15 de setembro | Gandario | "Aventura na natureza" |

Requisitos:

- Ter recoñecida unha porcentaxe de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 45 anos. Ter cumprida a idade mínima establecida ao inicio da quenda e non superar a máxima ao seu remate.
- Estar empadroados nalgún concello de Galicia.
- Non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.
- Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que solicita.

Non se admitirá a entrada aos campamentos se o participante:

- É diagnosticado positivo por COVID-19 segundo os criterios médicos vixentes.
- Presenta calquera sintomatoloxía (tos, febre, dificultade ao respirar) que poida estar asociada co COVID-19 durante os 14 días previos á súa participación.
- Estivese en contacto estreito ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersonal con algunha persoa afectada por COVID-19 nos 14 días previos á súa participación.

Servizos ofertados:

- Aloxamento en albergue ou residencia, segundo o destino solicitado.
- Manutención en réxime de pensión completa.
- Programa de actividades de animación sociocultural.
- Material necesario para a actividade.
- Equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre e náuticas.
- Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

Modelo de solicitude e de informe médico:

A solicitude e o informe médico formalizarase nos impresos oficiais establecidos para o efecto e terán que estar asinados polas persoas que corresponda. Estes impresos están á disposición das persoas interesadas na páxina web:

<http://politicasocial.xunta.gal/web/portal/portada/campamentos-veran>



Prazo e lugares de presentación de solicitudes:

Ata o día 30 de xuño de 2020.

As solicitudes, acompañadas da documentación requirida, presentaranse por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e dirixiranse á:

Consellería de Política Social.

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Edificio administrativo San Caetano, s/n.

15781 Santiago de Compostela.

Custo da praza e bonificación:

As persoas participantes deberán ingresar a cantidade establecida, nos termos que se lle indiquen ao notificarlle a concesión da praza.

Ese importe pódese reducir nun 50% se a persoa ten o título de familia numerosa e nun 25 % se ten carné xove. Estes descontos non serán acumulables en ningún caso.

No caso de acollerse a algunha destas dúas condicións terase que acompañar coa solicitude o documento acreditativo (fotocopia do título de familia numerosa ou do carné xove en vigor, segundo proceda).

Adxudicación e confirmación de asistencia:

As solicitudes serán valoradas por unha comisión composta por representantes da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, de acordo cos seguintes criterios:

- Participación no programa en anos anteriores
- Lugar de residencia

Terán preferencia as persoas que:

- Non participaran neste programa en anos anteriores
- Residan habitualmente no domicilio familiar

No caso de empate, a adxudicación das prazas farase por orde de entrada da solicitude.

As persoas seleccionadas comunicarán no prazo máximo de 5 días hábiles, contados desde o seguinte ao da recepción da notificación, a aceptación ou renuncia á praza no modelo que se lles facilite para o efecto.

Comezo e remate da estadía:

A incorporación á instalación na que se vai levar a cabo o campamento será por conta da persoa interesada o día de inicio da quenda correspondente, entre as 16.00 horas e as 19.00 horas; fóra dese horario non se admitirá a ningúén.

Ao remate da quenda, ou no suposto de abandono da actividade antes de que finalice, será responsabilidade dos pais/nais ou titulares/as legais a recollida e traslado da persoa participante ao seu domicilio, así como os gastos que por tal causa se occasionen.

Obrigas das persoas participantes:

- Incorporarse á actividade e regresar polos propios medios e nos prazos establecidos.
- Non abandonar a actividade sen a autorización por escrito da persoa responsable.
- Respectar as normas establecidas polo persoal responsable da actividade, as normas de réxime interior das respectivas instalacións e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia.
- Abandonar a actividade acompañado dos seus responsables, no caso de non adaptarse ás condicións que se requiren para o desenvolvemento do campamento, tanto as derivadas da actividade en si como as da súa propia actitude, ou de darse circunstancias que impidan o transcurso da estadía co resto dos compoñentes do grupo.

Devolución de cotas:

- 1 Se a persoa beneficiaria abandonase a estadía unha vez iniciada, sexa cal fose o motivo, non terá dereito a ningún tipo de devolución.
- 2 Se unha vez obtida a praza e aboado o importe correspondente, a persoa interesada non puidese asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste, no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade pagada polo menos dez días naturais antes do comezo da actividade, ou cando, por causas non imputables á persoa interesada, non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade.

Información:

Para información sobre a **xestión do programa, a remisión de documentación, a valoración de solicitudes e a adxudicación de prazas, pódense dirixir ao Servizo de Prevención da Dependencia, da Dirección xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,**

Teléfonos:

981-547437, 981-546737, 981-544640,

Correo electrónico:

autonomiapersoal.sxps@xunta.gal

Para información xeral pódense dirixir a:

- O número **900 333 666** do Teléfono Social de forma gratuita.



- **Os servizos de Dependencia e Autonomía Persoal das xefaturas territoriais situados en:**

A Coruña

Rúa Concepción Arenal, nº 7-9 - 15006 A Coruña.
Teléfono 881 881 528.

Lugo

Rúa Serra de Ancares, nº 68 baixo - 27003.Lugo.
Teléfono 982 889 132.

Ourense

Rúa Sáenz Díez, nº 33 - 32003 Ourense.
Teléfono 988 386 178.

Vigo

Rúa Concepción Arenal, nº 8, 1º andar - 36201 Vigo.
Teléfono 986 817 217.

- **Aos servizos de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social.**
- **Aos servizos sociais comunitarios dos concellos.**
- **Aos servizos sociais dos centros sanitarios.**



Xacobeo 2021

galicia



XUNTA DE GALICIA